sumario

Calendario Escolar 2
Editorial 3
Avaliación de Diagnóstico 4

colaboracións

O consumo responsable tamén educa. 5
Avaliación en EF 6

complementarias

Visitamos un Super... 7
Tapóns para Aitana 7

escolares

As miñas mans 8
O Coro Escolar 8
O Pío que le 9
Voz Natura 10
O medioambiente 10
Videoconferencia 11
Estación Meteorolóxica 11
As Illas Atlánticas 11

o magosto 12-13

A aula é unha colmea 14
Biodiversidade 14
Reciclamos 15
Tabaco é saúde 16
Os nosos traballos 4ºA 17
Os nosos traballos 5º C 17
A voz solidaria 18
Que ningún neno pase fame 19
O outono 20

A biblioteca 21-22

anpa a ferradura 23

editorial
"novos proxectos"

Xosé Manuel Casaleiro
Director

Transcurrido este primeiro trimestre, presentamos este novo número do noso xornal Banzo no que compre realizar unha primeira valoración do traballo desenvolvido no centro, nun curso iniciado con conflitividade social e laboral no sector educativo, enmarcada na complexa situación económica que estamos a vivir.

Iniciamos o curso, un novo equipo directivo, con todas as ganas de seguir na liña de traballo e éxito de anos anteriores e co afán de mellorar e plantearse novos retos de cara o futuro.

A fluidez na relación coa directiva da ANPA foi un dos primeiros obxectivos. O Equipo Directivo mantivo con esta, varias reunións durante este trimestre co obxecto de definir liñas comúns de colaboración, que teñen dado os seus froitos ademáis dunha cordial relación.

*No que atinxe ao centro, o primeiro paso foi buscar espazos e rendibilizar ao máximo os xa existentes. Así reubicouse a conserxería do centro, nunha obra financiada polo **Concello de Santiago**, que permitíu habilitar un despacho específico para a Xefatura de Estudos.*

O segundo paso foi o cambio do despacho de Orientación, que pasa a estar ubicado a carón da porta de entrada, liberando así unha sala de reunións para a CCP e o DO. Habilitouse tamén unha titoría para cada un dos ciclos.

*Construíuse un almacén no interior do patio cuberto, financiado pola **ANPA**, que permite impartir a psicomotricidade neste espazo ata o de agora infrautilizado.*

Tamén, coa colaboración da ANPA, instaláronse no Salón de Actos mesas de debuxo plegables para a realización de actividades plásticas.

*Con **fondos propios**, uniuse o aula de inglés co antigo laboratorio a través dunha porta corredeira, ubicándose neste os equipos informáticos, creándose así unha infraestrutura que poida permitir desdobres nesta área.*

No que atinxe ás novas tecnoloxías, no mes de xullo rematouse, con fondos propios, o cableado de 5º e 6º nivel, a fin de dar cumprimento aos requisitos dun Proxecto Abalar que non nos foi concedido. Neste ano que finaliza remataremos o cableado de todo o centro, tamén con fondos propios, instalaremos puntos de voz e datos en todas as aulas e comezaremos a utilizar unha intranet propia.

Estas obras realizadas complementaranse este ano coa instalación de canóns, pizarras dixitais e portatiles en todo o primeiro ciclo, así como kits Abalar en 5º de EP prometidos a última hora pola Consellería

Os cambios realizados nas infraestruturas e horarios do centro permitiron maximizar a utilización de espazos e entre outros posibilitar que todo o alumnado do centro, incluido todo EI, dispoña dunha sesión na aula de informática, na aula de video, na aula de plástica e na Biblioteca. A respecto desta, decir que continuamos a participar no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares cuxos bos resultados podemos observar ao final desta mesma revista.

Xa, e sin ánimo de extendernos máis, queremos desexar a todas e todos unhas felices festas e que o ano vindeiro nos traia a todas e todos o que neste non foramos capaces de acadar.

Publicidade